

Ciclo de conferencias sobre T.I.C. no ámbito da Enxeñería Técnica Industrial

Conferencia 4ª - 26 de xullo

“O software libre como alternativa”

Estimado/a compañeiro/a:

A enxeñería esta altamente informatizada, o que nos obriga na maioría de ocasións en ter que empregar software privativo coas súas respectivas licenzas, o que carrega consecuentemente un investimento forte, e ao mesmo tempo unha dependencia dos mesmos, e que nos obriga a depender deles a longo prazo. Detéctase en xeral que os usuarios, incluso no ámbito da enxeñería, teñen un gran descoñecemento sobre as ferramentas de software libre que existen no mercado e sobre todo descoñecen as súas numerosas vantaxes, especialmente no entorno das PeMEs.

Preténdese dar a coñecer qué é o software libre, a súa historia, a importancia deste software na enxeñería, comprender os conceptos importantes relacionados co software libre: tipos de licenza, filosofía e vantaxes, comprender en que procesos empresariais e industriais utilizar software libre, identificar e utilizar as aplicacións de software libre e aceptar o software libre como unha alternativa de software.

- Relator:** D. Ricardo Riguera Arias (Ver no dorso)
Data e horario: 26 de xullo de 2011, de 18:00 a 22:00 horas.
Lugar: Salón de Actos de COITIVIGO.
Nº de Prazas: Aforo do Salón de Actos.
Cuota: Gratuíta, previa inscrición.
Cofinanciado por:



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unión necesaria do futuro Europa"



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica

Contidos: (Ver no dorso)

Inscrición: A través da Web de COITIVIGO
(<http://www.coitivigo.es>), na súa páxina de inicio ---->



Documentación: No mesmo apartado da Web dispórase dun acceso específico para utilización neste actividade. Nesta Web os participantes terán á súa disposición a información relativa á conferencia e a documentación para o seu seguimento.

Nota: A asignación de prazas realizarase por rigorosa orde de inscrición e aos seleccionados comunicáraselles por e-mail a dispoñibilidade de praza. Se a demanda o xustificase, trataríase de trasladar esta conferencia a outra localización, o cal comunicárase oportunamente.

*A data límite para a recepción das inscricións remata o **Luns, 25 de xullo.***



José Manuel Jardón Quelle
Poñente de Formación



BREVE CURRÍCULUM VITAE DO RELATOR:

Ricardo Riguera estivo involucrado en proxectos de telecomunicacións por máis de unha década e na actualidade lidera o departamento técnico de OPTARE SOLUTIONS (consultora TIC especializada en operadoras de telecomunicacións). Como Director Técnico o seu principal traballo é contribuír ao desenvolvemento do negocio co compoñente tecnolóxico do OSS e as telecomunicacións, tomar as decisións de selección de novas tecnoloxías e partners, colaborar na capacitación técnica dos equipos que traballan en proxectos e no aseguramento da calidade do traballo realizado e dos entregables ao cliente.

Ademais da súa experiencia en OPTARE SOLUTIONS, estivo involucrado en outros proxectos no sector. Ricardo é Enxeñeiro de Telecomunicación pola Universidade de Vigo.

RESUMEN DE CONTIDOS DA CONFERENCIA:

- Introducción histórica do software libre.
- Tipos de licenzas e por que inflúen tanto.
- Puntos importantes á hora de avaliar o uso de software libre.
- Características propias de cada tipo de aplicativos.
- Como obter o máximo partido do software libre.
- Exemplos de software libre e experiencias:
 - Sistemas operativos e redes
 - Servidores para web e servidores de aplicacións
 - Ofimática e aplicacións de usuario final
 - Enxeñería civil
 - Software móbil
 - Desenvolvemento de software, bases de datos e linguaxes de programación
- Preguntas e respostas.